

Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 7 de outubro do 2016

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Yolanda Bouzas Alfonsín.

José Luis Sampedro Bouzas.

José Pedro Cambón Fernández.

Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.30 horas do día 7 de outubro de 2016, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

1º.- Acta anterior correspondente ao día 20 de setembro de 2016.

2º.- Comunicacións previas (obra menor).

3º.- Licenza de segregación.

4º.- Licenzas de obra maior.

PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 20 DE SETEMBRO DE 2016.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 20 de setembro de 2016.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por FLORA GONZALEZ MIRAZO, con domicilio en Chave de Carballo 4, Bastavales, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda de Chave de Carballo 4, Bastavales, de 80 m² de superficie, substituíndo a cobertura actual por outra a base de uralita e tella e colocar dúas ventás tipo "velux", sen incrementar o seu volume.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL JESUS SILVA MARTINEZ, con domicilio en Liñares 35, Brión, na que comunica que vai construír un muro de peche de 35 metros de lonxitude polo vento norte da parcela, con base de formigón e arame por encima ata 1,80 metros de alto, medidos sobre a rasante natural do terreo, en Liñares 55, Brión.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural da zona leste en area consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, coa condición de que a parte de formigón do muro terá unha altura máxima de 1,20 metros e quedará enfuscado e pintado.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MONICA GOMEZ ARUFE, con domicilio en Souto 13, Os Ánxeles, na que comunica que vai construír un peche de 68,86 metros de lonxitude e de 1 metro de alto, no lugar de Souto 13, Os Ánxeles.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural da zona leste en area consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, coas seguintes condicións:

- O muro de 1 metro de alto poderá ser opaco e nese caso, quedará enfuscado e pintado.

- O muro deberá afastarse como mínimo a 4 metros do eixo do camiño.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CRISTINA BECERRA PEDRARES, con domicilio en Nináns 21, Luaña, na que comunica que vai substituír 9 ventás e 1 porta, por carpintería de PVC de cor branco, en Nináns 21, Luaña.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural (NRO-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA ROSA LOPEZ GOMEZ, con domicilio en Avd. Vicente Ramos 36, Os Ánxeles, na que comunica que vai pintar o exterior da vivenda da Avd. Vicente Ramos 36, Os Ánxeles, de 8,50 x 9 metros, sen incrementar o seu volume.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo urbano (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA DOLORES OTERO LEMA, con domicilio en Brión de Abaixo 22, Brión, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda de Brión de Abaixo 22, Brión, substituíndo a tella actual, as ventás tipo "velux" e os canalóns por outros novos, sen incrementar o volume da cuberta.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARCELINO RODRIGUEZ VILAS, con domicilio en Saíme 21, Bastavales, na que comunica que vai reparar a calzada existente no lateral da vivenda de Saíme 21, Bastavales, de 120 m² de superficie, botando unha capa de cemento sobre a xa existente.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, área de expansión (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSE SANMARTIN DIZ, con domicilio en Soigrex 43, Os Ánxeles, na que comunica que vai pintar o exterior da vivenda de Soigrex 43, Os Ánxeles, de 150 m² de superficie, sen incrementar o seu volume.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo urbano (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ERNESTO REY FRAILE, con domicilio en Rúa Pintor Manuel Colmeiro 9, 2ºN, Pontevedra, na que comunica que vai realizar as seguintes obras en Cirro 32, San Salvador:

- Construción dun muro de peche, no fronte da parcela, de 1,20 metros de alto e celosía por encima ata 1,80 metros, medidos sobre a rasante natural do terreo, e situado a 4 metros do eixo do vial.

- Construción dun muro de peche, nos laterais da parcela, con bloque pintado de 0,40 metros de alto e celosía por encima ata 1,80 metros, medidos sobre a rasante natural do terreo.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural da zona leste en area non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

j) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSE GONZALEZ GONZALEZ, con domicilio en Babenzo 51, Bastavales, na que comunica que vai construír un peche de parcela de 130 metros de lonxitude, con base de adobe e maia por encima, cunha altura máxima de 1,80 metros medidos sobre a rasante natural do terreo, no lugar de Babenzo 51, Bastavales.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural da zona leste en area non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, coa condición de que a parte do muro de adobe non supere a altura máxima de 1,20 metros medidos sobre a rasante natural do terreo.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

k) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL BECERRA REBOREDO, con domicilio en Vilar 4, Viceso, na que comunica que vai pintar o exterior da vivenda de Vilar 4, Viceso, de 250 m² de superficie.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

l) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSE LUIS ARIAS RODRIGUEZ, con domicilio na Urbanización Monte Devesa 34, Os Ánxeles, na que comunica que vai pintar o exterior da vivenda da Urbanización Monte Devesa 34, Os Ánxeles, de 250 m² de superficie.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo urbano (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

ll) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSEFA MARTINEZ ABELLEIRA, con domicilio na Avda. da Mahía 47, portal 1, 3ºC, Bertamiráns, Ames, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda da Avd. Santa Minia 69, Brión, substituindo a tella en mal estado por outra nova.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo urbano (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

m) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por José Luis Esparís Freire, que di actuar en representación de CONCEPCION FREIRE ESPARIS, con domicilio en Esparís 2, Viceso, na que comunica que vai reparar un muro de pedra de 13 metros de lonxitude, consistente na limpeza e encintado do mesmo, sen incrementar a súa altura, en Esparís 2, Viceso.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

n) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSE MANUEL TURNES GUILLERMES, con domicilio en Esparís 12, Viceso, na que comunica que vai lavar e pintar o exterior da vivenda de Esparís 12, Viceso, de 19,50 x 6,70 metros.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, coa condición de que as cores empregadas favorezan a integración da construción no entorno e na paisaxe.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

TERCEIRO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por PABLO ANGUEIRA FREIRE, con domicilio en Beca 6, Bastavales, na que solicita licenza de segregación da finca 1.293 de concentración parcelaria de Bastavales, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Javier López López, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos e Peritos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra) o 13/05/2016 e documentación complementaria presentada no concello o 24/08/2016 (re.3713).

Descrición parcela matriz:

Finca 1.293 de concentración parcelaria de Bastavales.

Referencia catastral: 9810305NH2491S0001IT

Superficie catastral: 3.524 m²

Superficie segundo medición recente: 3.485 m²

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural (NRL1).

Lindes:

Norte: zona excluída.

Sur: vía pública.

Leste: Erundina Mouro Bustelo e outra (9810304NH2491S0001XT).

Oeste: Maximino Zumalabe Díaz (9810306NH2491S0001JT).

Sobre esta parcela hai unha vivenda de planta baixa de 110 m² de superficie, un almacén na parte superior de 35 m² de superficie, outro almacén de 52 m² de superficie e un terceiro almacén de 25 m² de superficie.

Segregación pretendida:

Parcela 1.293-A.

Superficie: 1.915 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural (NRL1).

Lindes:

Norte: zona excluída.

Sur: camiño veciñal.

Leste: Erundina Mouro Bustelo e outra (9810304NH2491S0001XT).

Oeste: parcela 1293-B procedente desta segregación.

Sobre esta parcela hai unha vivenda de planta baixa de 110 m² de superficie, un almacén na parte superior de 35 m² de superficie e outro almacén de 25 m² de superficie.

Parcela 1.293-B.

Superficie: 1.570 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural (NRL1).

Lindes:

Norte: zona excluída.

Sur: camiño veciñal.

Leste: parcela 1293-A procedente desta segregación.

Oeste: Maximino Zumalabe Díaz (9810306NH2491S0001JT).

Sobre esta parcela hai almacén de 52 m² de superficie.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, informando ao interesado que no caso de que pretenda construír novas edificacións nas parcelas segregadas, deberá proceder á cesión dos terreos afectados pola traza viaria, que se cumprimentará con ocasión do procedemento de concesión de licenza de obras, no seu día. Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

CUARTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por GAS NATURAL FENOSA GENERACION SLU, con domicilio en A Batundeira 2, 1ª planta, estrada de Monforte s/n, Velle, Ourense, de solicitude de licenza de obra maior para instalación dun valado cinxético e de seguridade no canal do río Tambre, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, José A. Núñez Ares, visado no Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos de Galicia o 02/09/2015.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado polo PXOM como solo rústico de protección de espazos naturais e solo rústico de protección das augas, séndolle de aplicación o disposto ao respecto pola Lei 2/2016, do solo de Galicia, de acordo co establecido pola disposición transitoria primeira, apartado 2.d).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello e da autorización de Augas de Galicia de data 20/07/2016 (expediente 6/204/19), acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro e sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, José A. Núñez Ares, visado no Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos de Galicia o 02/09/2015.
- A obra executarase coas condicións sinaladas na autorización sectorial de Augas de Galicia referenciada.
- Nas obras que se executen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións, serán sancionados por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 31 do PXOM: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra desde a concesión da licenza.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este encargo, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos

que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, e o número de expediente.

- Durante a execución da obra adoptará todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por MARIO GONZALEZ FERNANDEZ e MARIA DEL CARMEN GUILLEN IGLESIAS, con domicilio en Lamas de Abade 94, 3ºB, Santiago de Compostela, de solicitude de licenza de obra maior para ampliar a vivenda de Forxán 17, Viceso, segundo proxecto de execución redactado polo arquitecto Alfredo Varela Nogueira, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 23/12/2015 e documentación complementaria presentada no concello o 08/04/2016 (visada o 07/04/2016) e o 21/07/2016.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona oeste (NRO-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello e da resolución do Servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 04/07/2016 (expediente 1501/15), acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro e sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Alfredo Varela Nogueira, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 23/12/2015 e documentación complementaria presentada no concello o 08/04/2016 (visada o 07/04/2016) e o 21/07/2016.
- Logo de rematadas as obras deberá solicitar a licenza de 1ª ocupación da totalidade do edificado (art. 42.1 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia e art. 142.2.g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).
- Nas obras que se executen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións, serán sancionados por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 31 do PXOM: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra desde a concesión da licenza.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este encargo, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptará todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas

obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado. Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por ALVARO RODRIGUEZ CASAL, con domicilio en Vioxo de Arriba 11, Luaña, de solicitude de licenza de obra maior para ampliar unha explotación de vacún de leite en Vioxo de Arriba, Luaña, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Cristóbal J. Vázquez Lamas, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra) o 17/03/2016.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural (NRO1), séndolle de aplicación a ordenanza nº9 para as áreas consolidadas pola edificación.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro e sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Cristóbal J. Vázquez Lamas, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra) o 17/03/2016.
- Nas obras que se executen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións, serán sancionados por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obra e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 31 do PXOM: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra desde a concesión da licenza.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este encargo, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptará todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha instancia presentada por CLARA SANMARTIN RODRIGUEZ, con domicilio en Avd. Vicente Ramos 4, Os Ánxeles, de solicitude de licenza de obra maior para acondicionar a cuberta da vivenda de O Cabo 7, Os Ánxeles, segundo proxecto redactado polo arquitecto técnico José Rey Rodríguez, visado no Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación da Coruña, visado o 10/06/2016.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural tradicional da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza de solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación (NRL1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza

solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro e sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 31 do PXOM: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra desde a concesión da licenza.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 13.50 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González